

Bases do Validatón 2025

1. Período e formato da competición

A competición desenvolverase en dúas fases:

- **Fase en liña:** terá lugar do 31 de marzo ao 10 de abril ás 12.00h.
- **Fase presencial:** celebrarase o día 10 de abril no Instituto da Lingua Galega (USC), entre as 16:00 e as 20:00 h, cunha sesión final da actividade, unha merenda e a entrega de premios.

Para o reconto das colaboracións contabilizaranse todas as contribucións feitas durante o período en liña mais o período presencial da competición.

As contribucións realizadas durante o período da competición poden empregarse, ademais, para o **recoñecemento dun crédito ECTS** nos estudos de grao.

2. Categorías de participación

As persoas participantes poderán competir en tres categorías:

1. **Gravación de fragmentos (en liña)**
2. **Validación de audios (en liña)**
3. **Xeración de frases (presencial)**

Haberá unha persoa gañadora en cada categoría e unha persoa gañadora global (a que máis contribucións realice no total, sumando as tres categorías).

3. Normas xerais

- As persoas participantes deben estar inscritas previamente no Validatón mediante o formulario de [inscrición](#).
- Só se contabilizarán as contribucións realizadas durante o período da competición.
- As contribucións de audio (gravación e validación) rexistraranse directamente en Common Voice, mentres que a creación de frases se fará nunha folla de cálculo deseñada para o evento.
- Na sesión presencial levarase a cabo a creación de frases e entrega de premios.
- Para poder recibir os premios, o alumnado participante deberá estar presente no ILG o día 10 de abril.

4. Premios

- O **campión ou campioa de cada categoría** recibirá un **premio de 50 €**. En caso de empate nunha categoría, considerarase a segunda métrica máis relevante (por exemplo: na categoría de validación de audios contaríase o número de frases gravadas e viceversa). Se persistise o empate, realizaríase un sorteo.
- O **campión ou campioa global** será a persoa que máis contribucións realice no total, sumando as tres categorías, e recibirá un **premio de 75 €**.
- Unha persoa só poderá ser gañadora nunha única categoría: ou ben nunha das tres categorías individuais ou ben a nivel global. É dicir, ningunha persoa poderá recibir máis dun premio (por exemplo, se a gañadora global é tamén a gañadora en gravación de fragmentos, só poderá recibir un dos dous premios, o outro pasará á seguinte persoa na métrica da categoría).
- Todo o alumnado participante recibirá un **agasallo sorpresa**.
- A entrega de premios e agasallos terá lugar ao final da fase presencial da competición no ILG. Para poder recibir os premios, as/os gañadoras/es deberán estar presentes no ILG.